




POZO DO ARCO

Adela Leiro, Mon Daporta
abril 2018



Distancia: 1 km (circular) + 1 km por pista de terra
Dificultade: baixa



Un fermoso recanto no curso alto do Tamuxe

En Bonaval, na parroquia de Burgueira do concello de Oia, ao pouco de xuntarse os regos das cabeceiras, o río Tamuxe ou Carballo xa se ve obrigado a camiñar encaixado, entre as serras da Groba e o Argallo, a mudar varias veces a dirección do seu curso e a caer polos desniveis que se forman nas rochas que son quen de resistir o seu labor de desgaste, creando un agradable recanto con varios saltos e pozas, menos coñecidas que as de Loureza pero igualmente fermosas, merecentes dunha visita, ao que axuda que se atopen acondicionadas e que un percorrido circular, porque río arriba, ao pé do tubo que leva a auga da presa que hai un pouco máis alá á minicentral de Loureza, hai un paso e río abaixo unha ponte de madeira permite volver de novo á beira do río da que partimos; e todo isto nun percorrido, no que tamén hai un par de muíños, que non chega ao quilómetro.

PERCORRIDO

Para chegar a Burgueira podemos saír de Oia pola estrada que sube á serra da Groba, e desde Baiona ou desde o Rosal pola estrada que a cruza de norte a sur (desde os camiños de subida de Oia e Baiona hai unas impresionantes vistas da costa). De Burgueira a Bonaval vaise pola estrada que leva a Loureza e cóllese o desvío a Tomiño, Bonaval atópase a 1 km do cruce, e desde alí podemos seguir dous itinerarios para chegar ao Pozo do Arco, un desde a propia localidade, collendo no lugar, na curva da estrada, á dereita e seguir ata un espazo amplo onde podemos deixar o coche e camiñar logo uns 800 m, ou baixar uns 600 m máis por unha pista de terra e facer o resto a pé; e outro seguindo pola estrada de Tomiño uns 800 m e alí coller un desvío á dereita, sinalizado, que por unha pista de terra que vai a carón dunha plantación e logo desvíase á dereita para comezar a achegarse ao río, uns 200 m adiante, xusto antes da primeira curva, atopamos un cruzamento e un pequeno alargo para deixarmos o coche e collemos o camiño da dereita para facer o percorrido.

Polo camiño do segundo itinerario hai un desvío para subir ao miradoiro da Madanela, na Serra do Argallo.



